

PREPARAMOS A MOCHILA

Cada un dos nosos amigos vai preparar a súa mochila pero ten que calcular o peso máximo que pode cargar sen pasarse, imos axudarlle.



Que produto pesa máis?

Que produto pesa menos?

PRODUTO	PESO (gramos)
Mochila	1350
Primeiros aux.	200
Cantimplora	140
Saco de durmir	755
Zapatillas descanso	220
Zapatillas camiñar	400
Polar	300
Cazadora	810
Gorra	54
Roupa int. 1und.	50
Calcetíns 1 par	40
Camiseta curta	250
Camiseta longa	300
Pantalón curto	320
Pantalón longo	500

Aldara non vai meter na súa mochila o maletín de primeiros auxilios, e para empezar o camiño levará posto o pantalón curto, unha camiseta, a gorra e as zapatillas de camiñar. Entón, canto pesará a súa mochila?



Colle a túa libreta anota os datos que precisas e calcula o peso da mochila de Aldara. Despois anota aquí o resultado.

A mochila de Xiana

A Xiana gústalle ir ben preparada así que vai meter na súa mochila: 3 camisetas curtas, 2 camisetas longas, 4 pares de calcetíns, 2 polares e o maletín de primeiros auxilios por si lle fai falta.

Para comezar o camiño levará posto o pantalón longo, as zapatillas de camiñar, unha camiseta curta e a súa cantimplora. Con todos estes datos, poderías calcular canto pesará a mochila de Xiana?.



Lembra anota os datos que precisas na túa libreta e despois escribe o resultado.

De todos os produtos que temos na táboa, poderías calcular canto pesarían os sacos de durmir dos catro nenos?

Canto pesarán as catro mochilas baleiras?



Xiana ten que calcular agora cantos euros ten que inverter Mauro para preparar a súa mochila. Aquí che deixo nunha táboa os prezos de cada produto. Moita Sorte.

Recorda calcular o que leva posto e o que leva na mochila.



Lembra anota os datos que precisas na túa libreta e despois escribe o resultado.

PRODUTO	PRECIO (€)
Mochila	35
Primeiros aux.	13
Cantimplora	9
Saco de durmir	15
Zapatillasdescanso	20
Zapatillascamiñar	35
Polar	10
Cazadora	25
Gorra	8
Roupa int. 1und.	8
Calcetíns 1 par	5
Camiseta curta	10
Camiseta longa	20
Pantalón curto	15
Pantalón longo	20

A Antón tocoulle axudarlle a Xiana a facer os seus cálculos, porque quere levar tantas cousas que igual nin ten tantos cartos, nin pode cargar con elas.

Así que imos ver si os podemos axudar a equilibrar un pouco as cousas. Imos a preparar catro mochilas iguais, colle os datos da seguinte táboa.

Und	PRODUCTO	PESO (gramos)
1	Mochila	1350
1	Primeiros aux.	200
1	Cantimplora	140
1	Saco de durmir	755
1	Zapatillas descanso	220
1	Zapatillas camiñar	400
1	Polar	300
1	Cazadora	810
1	Gorra	54
4	Roupa int. 1und.	50
4	Calcetíns 1 par	40
3	Camiseta curta	250
3	Camiseta longa	300
1	Pantalón curto	320
1.	Pantalón longo	500



Todos levarán posto para comezar o camiño: pantalón curto, camiseta curta, roupa interior, calcetíns, zapatillas de camiñar e cantimplora.

Repaso de calculo

Canto pesa cada mochila? (Recorda escribir a unidade correspondente)



Canto pesan as catro mochilas xuntas?



Si as catro mochilas pesaran 16000gramos, saberías dicirme cuanto pesa cada mochila en gramos y en quilogramos?

gramos

quilogramos



Para reducir un pouco o peso, decidiron levar só un maletín de primeiros auxilios. Así que tres dos nenos levarán menos peso na súa mochila. Canto pesarán as mochilas dos tres amigos?

